

ANÁLISE DE TEXTO (PAU)

I. PREGUNTAS 1 e 2 (valórase 1 punto cada unha).

Son preguntas relacionadas coa comprensión do texto. Poden ser calquera das seguintes: **tema, título, resumo** (de todo ou de parte do texto), **esquema coas ideas principais e secundarias, estrutura, intencionalidade do autor, punto de vista do autor** sobre algún aspecto (descritivo, humorístico, irónico...), **caracterización de personaxes e significado que teñen no texto algunhas palabras ou expresións**.

A seguir, referímonos a cada cuestión, así como ás claves para resolvelas.

1. TEMA: É a idea central dun texto. A resposta esixe cumprir dous obxectivos: a correcta comprensión do texto e a capacidade de sintetizar o seu contido nun enunciado breve e claro; unha única palabra non abonda para expresar o tema dun texto, pero unha fórmula útil pode ser a seguinte: buscar a palabra abstracta que mellor sintetice o texto e engadirlle os complementos que a especifiquen.

2. TÍTULO: A función dun título é chamar a atención dos lectores. Expresarémolo nunha palabra, frase ou oración, tendo en conta as seguintes motivacións: anticipar o contido, insinuar o tema, dar relevo a un personaxe, intrigar ao lector... A redacción do título debe ser breve e estar relacionado co tema do texto.

3. RESUMO: Resumir un texto consiste en abreviar outro de maior extensión, sinalando as ideas esenciais e prescindindo do que ten menor importancia e do redundante. Avaliáase a comprensión e capacidade de síntese.

Pautas para a redacción dun resumo :

- Lectura do texto para identificar as ideas fundamentais.
- Nunha segunda lectura convén subliñar a idea fundamental de cada parágrafo.
- Debe ser un texto breve (non superar as sei ou sete liñas) e estar estruturado en un ou dous parágrafos.
- Indicaremos o tipo de texto (Este poema, artigo, narración...)
- Sintetizar na primeira liña o tema do texto.
- Suprimir todos os elementos superfluos (exemplos, anécdotas , descrições...)
- Debe estar formulado con obxectividade, sen incluír comentarios persoais.
- Tampouco pode reproducir fragmentos ou expresións do texto. Trátase de respectar fielmente o seu contido, aínda que redactado coas nosas palabras.
- Empregar oracións impersoais ou pasivas reflexas.

- Empregar os conectores adecuados (*tamén, a continuación, finalmente...*)

Ocasionalmente pídese a **paráfrase dun texto**: explicación do contido do texto con palabras propias co fin de facilitar a súa comprensión

4. ESQUEMA COAS IDEAS PRINCIPAIS E SECUNDARIAS: O contido é o mesmo que o do resumo (pois en ambos casos procedemos a recoller as ideas fundamentais do texto) pero muda a maneira de expresalo. Debemos subliñalas e redactalas na marxe do texto.

Formúlanse expresando cada idea nun enunciado (frases simples e claras) e de forma xerarquizada: as ideas principais aparecen con marxe normal, e as secundarias, debaixo das primeiras e con máis marxe. Cada idea non debe ocupar máis dunha liña

Empregaremos un modelo numerado ou con guións (sen chaves) que nos permita diferenciar claramente as ideas principais das secundarias. Evitarase o erro de establecer moitas ideas con excesivas subdivisións, posto que este esquema debe permitirnos captar a simple vista o que quere transmitir o texto.

Modelo de esquema : 1. Idea principal
 1.1. Idea secundaria
 1.2. Idea secundaria
 2. Idea principal
 2.1. Idea secundaria

5. ESTRUTURA: Calquera texto debe presentar as ideas ben estruturadas, en partes que podemos apreciar doadamente (a propia disposición en párrafos pode axudarnos) pero tamén depende do tipo de textos:

- **Estrutura dos textos narrativos** (literarios ou non) Adoita ter tres partes:
 - **Introdución:** presentación do tema, personaxes, espazos...
 - **Desenvolvemento:** desenvólvese o suceso que lle crea un conflito aos personaxes (un problema que hai que resolver, un desexo que satisfacer, un asunto que aclarar...)
 - **Desenlace:** prodúcese a resolución do conflito.
- **Estrutura dos textos argumentativos** (defenden unha idea mediante argumentos, coa finalidade de convencer ao receptor)
 - **Presentación da tese** ou idea que se pretende defender ou rexeitar.

- **Corpo argumentativo:** presentación con orde e claridade dos diferentes argumentos ou razoamentos que apoian e defenden a tese.
- **Conclusión.** Reafirma a tese da que se parte. Soe ser unha síntese da demostración feita no apartado anterior, destacando o razoamento que se considera máis convincente ou utilizando recursos retóricos coa finalidade de causar impacto no receptor.
- **Estrutura dos textos expositivos** (Transmiten información sobre un tema de maneira obxectiva). Acostuman presentar tres partes:
 - **Presentación** do tema
 - **Desenvolvemento da explicación** ou exposición
 - **Conclusión**, resumo ou consecuencias do exposto (Non sempre aparece)

Unha **fórmula para indicar a estrutura dun texto** pode ser a seguinte:

1º- Indicamos as partes ou apartados en que podemos dividir o texto de forma clara e breve, por exemplo: “*Podemos estruturar o texto en tres partes ben definidas tendo en conta o contido*”

2º- Sinalamos cada un dos apartados, indicando entre parénteses os parágrafos, as liñas ou os versos en que aparecen, e expresamos brevemente o contido de cada un.

Por exemplo, nun texto argumentativo indicaríase así:

1. Presentación da tese (liña1-3): breve resumo do contido
2. Argumentación (liña 4 a 10): indicamos o contido brevemente.
3. Conclusión (liña 11 e 12): indicamos o contido brevemente.

6. Significado de palabras ou expresións: normalmente pregúntase o significado das palabras no contexto en que aparecen (non se valora outro). Asígnase 0’25 puntos por cada palabra co significado ben explicado. Non se esixe unha definición lexicográfica rigorosa, senón a demostración de que se coñece ese significado e a capacidade de exprésalo correctamente. Non son válidas as respostas só con sinónimos ou a tradución a outra lingua.

Procedemos así:

1. Subliñamos a palabra ou expresión.
2. Indicamos, entre parénteses, a categoría: *s./v./adx./adv./conx./pronome ...*
3. Definimos brevemente os trazos semánticos distintivos.

Segundo a clase de palabra, serán de utilidade as seguintes **formulas de definición:**

- **Substantivos:** pódese iniciar a definición cun hiperónimo ou termo de significado xenérico no que se inclúe o termo definido: *persoa, animal, obxecto, sentimento, actitude, substancia, virtude, calidade, situación, habilidade...* Posteriormente, indícanse as súas características máis representativas: *utilidade, orixe, cor, forma, tamaño...*

Limón: froito do limoeiro, de forma ovoide, casca amarela e sabor agre.

Ditador: persoa que asume todos os poderes e non permite a oposición ao seu goberno.

Lealdade: calidade de leal.

Escaseza: situación de falta de algo.

- **Adxectivos:** fórmulas útiles para definir un adxectivo son, entre outras: *que + verbo do que deriva, dise de..., aplícase a..., pertencente ou relativo a..., que está..., que é...*

Enxeñoso: que ten enxeño ou habilidade

Basto: que está moi xunto ou apertado.

Tecnolóxico: pertencente ou relativo á tecnoloxía.

Sabido: que sabe ou entende moito.

- **Verbos:** unha maneira de definilos é empregar unha forma verbal sinónima e detallar algo máis o seu significado.

Mesturar: xuntar ou unir varias cousas distintas.

Caer: vir abaixo un corpo polo seu propio peso.

Fitar. mirar fixamente para algo ou alguén.

- **Adverbios:** pódese recorrer ás fórmulas: *en..., con..., de maneira...*

Fóra: no exterior do tempo ou do espazo.

Apasionadamente: con paixón.

II. PREGUNTA 3 : COMENTARIO CRÍTICO (3 puntos)

Consiste en expresar de forma clara e ben organizada unha valoración argumentada sobre o tema do texto, dalgunha cuestión concreta expresada nel ou relacionada co mesmo (é dicir, trátase de expor a nosa opinión empregando argumentos que a defendan)

1. Criterios de valoración:

Pídese un texto cunha de 200 a 250 palabras (20- 25 liñas). No caso de ter unha extensión manifestamente menor, baixarase proporcionalmente a cualificación en todos os apartados. Os tres puntos divídense tres tramos de 1 punto cada un, do seguinte xeito:

1. Construción textual (1 punto). Valórase:

- a) A capacidade crítica: demostrar os propios coñecementos e opinións e a capacidade de razoar usando argumentos e información pertinente, fuxindo dos tópicos e estereotipos, así coma da “orixinalidade” gratuíta.
- b) Coherencia do discurso: construír enunciados sucesivos con continuidade temática e progresión informativa, sen contradicións.
- c) Organización da información: expresar as ideas de xeito organizado, ben estruturada en parágrafos e cun uso correcto dos **conectores textuais**.

2. Adecuación léxico -gramatical (1 punto). Construción de textos adecuados á situación comunicativa formal en que se producen e un apropiado manexo dos rexistros da lingua, tanto na escolla do léxico coma nas construcións gramaticais. Débense evitar os trazos propios da oralidade e dos textos espontáneos e non planificados.

3. Corrección ortográfica e gramatical (1 punto). Valórase o correcto dominio da norma estándar: ortografía, signos de puntuación, morfoloxía e sintaxe.

Para a **redacción do comentario** crítico debemos proceder así :

- Realizar a lectura, o subliñado das ideas máis importantes e identificar o **tema**.
- Decidir a **tese** ou opinión que imos defender .
- Pensar os **argumentos** que empregaremos: ideas ou razóns que apoiem a nosa tese e refuten os argumentos contrarios á mesma.
- Redactar un esquema-borrador coas ideas que imos expoñer (poucas, sensatas, fundamentadas, razoadas e claras)
- Redacción definitiva do texto segundo a seguinte estrutura:

Estrutura do comentario crítico. É recomendable que o texto presente tres partes:

1. Introducción (1º párrafo). Podemos incluír aquí dous elementos:

- a) Facer referencia, se procede, ao texto do exame, recollendo a idea principal e incluíndo algunha valoración sobre a importancia, actualidade, orixinalidade ou enfoque co que se trata o tema; manifestar o noso acordo ou desacordo (total ou parcial) coas ideas expresadas no texto.
- b) Expresar as ideas ou **tese** que imos defender: *desde o meu punto de vista, segundo o meu modo de ver, penso/ opino, considero que, (non) estou de acordo con...*

2. Desenvolvemento ou corpo argumentativo. (Dous ou tres párrafos) Trátase de expoñer con claridade e corrección as nosas ideas e opinións, defendéndoas con **argumentos** ordenados e ben relacionados, usando os marcadores textuais adecuados. (Consultar tipos de argumentos e de conectores)

Cómpre evitar as contradicións, as repeticións e as afirmacións non razoadas, repetir as ideas do texto (trátase de expoñer as nosas), insistir nunha única idea, apartarnos do tema ou do aspecto concreto que se pregunta.

3. Conclusión (Un párrafo final) no que sintetizamos os argumentos máis importantes ou resumimos a esencia do exposto. Convén meditala con atención porque configura a impresión xeral do comentario.

Unha fórmula posible para expresala pode ser: *En conclusión, atendendo aos argumentos expostos (...) podemos reafirmar a idea de que...*

A conclusión pode incluír unha **proposta**: *En vista disto, é conveniente, é necesario, débese...*

➤ Na defensa da tese convén combinar distintos **tipos de argumentos**:

- **Argumentos de coñecemento xeral:** trátase de afirmacións ou ideas amplamente aceptadas na sociedade e non discutidas por considerárense de sentido común:

Debemos ser respectuosos cos ríos porque a auga é imprescindible para a vida.

- **Argumentos de autoridade:** baséanse na opinión de persoas ou institucións expertas no tema.

Segundo a RAG, o alumnado de secundaria mellorou a expresión escrita en galego pero non a oral.

- **Argumentos de datos:** ofrecen datos, cifras e porcentaxes que dan rigor á tese:

A venda de discos non ten futuro: a súa venda diminuíu un 60% nos últimos anos.

- **Argumentos de feito:** son probas demostrables ou sucesos realmente ocorridos, que se poden comprobar.

A contaminación dana gravemente a saúde, de forma que nas cidades máis contaminadas aumentaron as enfermidades respiratorias.

- **Argumentos de analoxía ou semellanza:** establecen unha comparación da idea que queremos demostrar usando outra parecida.

Debería estar prohibido fumar mentres se conduce, xa que é tan perigoso coma usar o móbil.

- **Argumentos de exemplos:** baséanse en casos concretos que serven como exemplo do que se quere defender.

A maioría dos países desenvolvidos aproveitan os residuos. Así, en Alemaña e Xapón reciclan desde hai anos e fabrican obxectos a partir do material usado.

- **Argumentos causa-efecto:** amosan as causas ou as consecuencias dunha afirmación anterior.

Non se deben tomar medicamentos sen receita porque afectan negativamente á saúde.

- **Argumentos éticos:** empréganse crenzas éticas aceptadas pola maioría para xustificar unha opinión.

Todos os seres humanos deben estar protexidos pola lei porque todos teñen o mesmo valor e a mesma dignidade, independentemente de súa cor, raza ou sexo.

- **Argumentos de tradición:** o peso da tradición pode servir para defender unha idea.

As festas tradicionais deben respectarse porque se veñen celebrando desde tempos ancestrais.

- **Argumentos de experiencia persoal:** empréganse as propias experiencias para apoiar a tese.

Algúns bancos usan publicidade enganosa para atraer clientes. Eu podo afirmar que me sentín estafada cando...

- **Argumentos de xustiza:** o que é xusto debe prevalecer sobre o que é inxusto.

As mulleres deben gañar o mesmo ca os homes cando realicen o mesmo traballo.

- **Argumentos legais:** Acódese ao disposto na lexislación.

Usar cinto diminúe as mortes en accidentes, razón pola que as normas de tráfico obrigan a usalo en todos os asentos.

- **Argumentos de utilidade:** baséase na idea de que o útil é preferible ao que non o é.

É importante ter un bo ambiente laboral porque mellora a produtividade.

- **Argumentos de progreso:** o orixinal e o novidoso valórase fronte ao tradicional.

O matrimonio de persoas do mesmo sexo supuxo un claro avance na igualdade das persoas.

- **Argumentos de saúde:** valórase o saudable fronte ao prexudicial.

Debemos practicar deporte habitualmente para manter un bo estado físico e mental

- **Argumentos económicos:** a cuestión económica pode xustificar moitas ideas.

A chegada de inmigrantes pode ser positiva porque temos unha poboación moi envellecida.

- **Argumentos hedonistas:** xustificamos unha idea polo tópico da necesidade de vivir a vida.

É necesario aproveitar ao máximo a xuventude porque dura moi pouco.

- **Argumentos emotivos:** preténdese provocar a empatía do receptor ou sentimentos como medo, rexeitamento, compaixón, simpatía...

A doazón de órganos é fundamental posto que ninguén está libre de necesitar un transplante.

- **Debemos evitar sempre:** argumentos ofensivos, de xeneralización ou baseados en prexuízos.

OS CONECTORES TEXTUAIS.

Os conectores, enlaces ou marcadores textuais son unha serie aberta e heteroxénea de partículas lingüísticas (adverbios, conxuncións, locucións adverbiais ou conxuntivas...) que serven para indicar as relacións entre as ideas dun texto e organizar as partes do mesmo e non teñen función sintáctica. O número de conectores é moi amplo. A continuación indicamos os máis comúns coas súas respectivas funcións:

- **Introdución:** *en principio, para comezar, antes de nada...*
- **Organización:** *primeiro, en primeiro lugar, primeiramente, en segundo lugar, a continuación, posteriormente...*
- **Peche:** *finalmente, por último, para rematar...*
- **Conclusión:** *en conclusión, en definitiva, en resumo...*
- **Continuación:** *pois ben, neste sentido, entón...*
- **Tematizadores:** *canto a, a propósito de, a respecto de ...*
- **Distribución:** *por un lado, por outro; dunha banda, doutra...*
- **Aditivos:** *ademais, e, incluso, do mesmo xeito, tamén, despois, igualmente, por outra banda...*
- **Contraste:** *pola contra, non obstante, pero, mais, con todo, agora ben, así e todo, por outra banda...*
- **Semellanza:** *de modo semellante, de igual maneira, igualmente, de xeito similar...*
- **Explicación:** *isto é, é dicir, ou sexa, noutras palabras...*
- **Certeza:** *de feito, evidentemente...*
- **Causa e consecuencia:** *polo tanto, por conseguinte, en consecuencia, daquela, pormor de, así, entón, pois, xa que logo, por iso, de xeito que, así que...*
- **Espazo-temporais:** *por riba, antes, mentres que, mentres tanto, de súpeto, máis tarde, despois, deseguido, sempre que, así que...*

Texto de Vicente Risco (xuño 2010)

Era un cabalo sumarísimo, sen máis **órganos** que os estritamente indispensables para a locomoción, sen ningún de nutrición, que sen dúbida perderá por non lle seren útiles, por seren se cadra indignos do cabalo **perfecto**, que nin debe comer, nin beber, nin arder, senón somentes correr: un cabalo reducido a unha soa función, un cabalo rigorosamente científico.

Era un cabalo pantasma, tan lixeirísimo na súa masa coma nos seus movementos. Sostíñase nas súas catro patas por un verdadeiro milagre de levitación, e tan pouco pesaba que non deixaba na terra a marca das pisadas. Voaba como unha palla no vento...

Moralmente era un **asceta** o cabalo do médico de Abrantes. Pode que antes tivera pecado moito, mais de tódolos xeitos foi para el unha Tebaida expiatoria e santa. Facer, fixo **méritos** de **abondo** para conquistar un ceo, ou polo menos un limbo axeitado á súa alma de besta padecente. Era un faquir que vivía do xaxún, única mantenza que lle daba a Providencia, que o que é o médico non lle daba senón traballo.

Aquela **besta** heroica viviu en Abrantes a epopea da fame, sen protesta, sen unha queixa, sen rincho nin couce... ninguén soubo apreciar as virtudes excelsas daquel ser singular.

Vicente Risco, *Os europeos en Abrantes*, 1927

1. **Tema:** Irónico retrato dun cabalo maltratado.

Irónica descrición do esfameado cabalo do médico de Abrantes.

2. **Estrutura:** O texto fai un retrato irónico do cabalo, físico nos dous primeiros parágrafos, e psíquico ou moral nos dous seguintes, de maneira que podemos dividilo en dúas partes:

1. (liñas 1-7) Irónica descrición física do cabalo: un cabalo “científico” e “perfecto” carente dos órganos de nutrición e dotado unicamente dos indispensables para a función requerida, a locomoción, converténdose nun máximo cabalo pantasma e voador.
2. (liñas 8-14) Descrición moral, tamén irónica: asceta e santo, heroico e virtuoso.

Nota: Poderíamos entender o último parágrafo (l. 13-14) como unha 3ª parte, unha conclusión.

3. **Punto de vista** que adopta o autor. O punto de vista é o terceiro dos indicados: “irónico e humorista”:

É irónico porque nos dá a entender o contrario do que afirma, pois trátase dun pobre cabalo maltratado e esfameado que se nos describe como perfecto e adornado de cualidades positivas físicas e morais: o maltrato pola fame convérteo en “científico” e os padecementos derivan en virtudes. Supoñemos que a ironía é unha arma para criticar indirectamente ao médico de Abrantes e o que este represente.

O humor, que abrangue o texto enteiro, nace da propia ironía, do contraste entre a “realidade” do cabalo e o retrato que del se fai. Hai outros elementos que acrecentan o humorismo: a personificación do cabalo (*asceta, virtuoso...*), as esaxeracións ou hipérboles e a particular utilización da linguaxe: termos coma *científico, levitación, asceta, faquir...* tan arredados de calquera descrición realista dun cabalo.

4. **Esquema** coas ideas principais e secundarias:

1. O cabalo do médico de Abrantes é fisicamente perfecto, científico.
 - 1.1. Só posúe os órganos necesarios para a locomoción.
 - 1.2. Carece dos de nutrición: nin come, nin bebe.
 - 1.3. Un cabalo lixeirísimo: voa.
2. Moralmente é un cabalo heroico e virtuoso.
 - 2.1. Un asceta que acadará o ceo a través do xaxún, da fame.
 - 2.2. Un santo virtuoso que ninguén soubo valorar.

5. **Síntese ou resumo** (*lembra, redacción das ideas*):

O cabalo do médico de Abrantes é fisicamente perfecto: un cabalo científico reducido á función locomotora, tan lixeiro que ata voa e carente mesmo dos órganos para a nutrición, nin come nin bebe.

Moralmente, mágoa que ninguén soubese aprecialo, é un cabalo heroico que non protesta pola fame e o maltrato, un santo asceta cheo de virtudes que ten o ceo gañado.

6. **Léxico**. Significado que teñen no texto as seguintes palabras (non vale usar só sinónimos)

Sumarísimo (adx.): Fai referencia, en grao superlativo, á peculiaridade de se ver reducido ao mínimo, ao estritamente indispensable.

Levitación (s.): Facultade de non se rexer pola lei da gravidade, de poder suspenderse un ser, neste caso o cabalo, no aire. É unha hipérbole humorística para expresar a extrema lixeireza, delgadez, do animal.

Moralmente (adv.): Refírese, a través da personificación, á personalidade e conduta do cabalo: que é conforme aos principios e normas establecidos, relixiosos neste caso.

Asceta (s.): Que leva unha vida de privacións (aquí, fame) e penitencia para acadar a perfección espiritual.

Expiatoria (adx.): Que a través do sacrificio e o castigo (non comer nin beber) purga os pecados, paga polo posible mal feito.

Limbo (s.): Segundo a relixión, é un lugar do Alén, distinto de ceo, purgatorio ou inferno, ao que van destinados os nenos sen bautizar. Aquí xoga humoristicamente co carácter “humano” do cabalo a través da personificación.

Faquir(s.): Fai referencia á cualidade de santo por vivir na máxima austeridade, na fame. Tamén achega humoristicamente a facultade do faquir, home espectáculo que practica mortificacións sen sentir dor.

Xaxún (s.): Abstención de tomar alimentos. O vocábulo emprégase aquí humoristicamente, pois o xaxún faise voluntariamente e por motivos relixiosos, algo obviamente arredado da vontade do cabalo.

Povidencia (s.): É o coidado ou protección que Deus dá ás súas criaturas. Aquí tamén está usado humoristicamente seguindo a personificación do cabalo.

Epopéa (s.): Acción heroica e extraordinaria, proeza feita con moito esforzo e sufrimento.

Rincho (s.) Voz que emite o cabalo. No texto, xunto con *couce*, achega un trazo de humor, pois contrasta cos dous substantivos anteriores (*protesta, queixa*): os primeiros son propios de animais, os segundos máis ben de persoas.

Virtudes (s.): Conxunto de cualidades e inclinacións positivas. O texto outórgallas ao cabalo por mor da personificación humorística.

Excelsas (adx.): Que teñen un carácter extraordinario, excepcional e elevado.

Singular (adx.): Caracterizado por ser único ou raro entre os seus iguais.

Texto de Antón Tovar (xuño 2011)

Eu son un home triste
eu son un neno canso
e teño unha voz murcha,
como unha mau de néboa
rubindo cara ao sol;
unha mau a buscar
a Túa mau infinita.

Eu son un home triste
que ando a pensar en min
i a cavilar en Ti.

Eu son un home
que te busca na terra
e non te ve nas rosas.

Que cando pensa acharte
nuns ollos translucentes,
decátase de que iles
son ollos de door,
ollos de cas que sufren
e bois baixo aguilladas
ollos con moitas bágoas.
Entón, Señor, ti fuxes,
i estas maus que son terra
somentes terra apreixan.
Eu son un home triste.

Para sermos operativos, debemos elaborar primeiro un resumo-borrador do texto:

Eu “home triste-neno canso” con voz murcha

ergo as mans e busco a Ti

penso en min e en Ti

busco nas rosas / non te vexo

busco ollos de luz / non te atopo

atopo: ollos de dor, sufrimento, opresión, bágoas

atopo só terra / ti foxes

(polo tanto) eu son un home triste.

Lido e entendido o poema, pasamos ás cuestións:

1. A quen se dirixe o *eu* do poema? Por que adopta un ton de desacougo e tristeza?
(son dúas preguntas e, ademais, debemos responder e xustificar a resposta; entón: dous parágrafos con cadansúa resposta e xustificación)

O *eu* do poema diríxese a Deus, expresado directamente a través de “Señor” (v. 21), mediante pronomes de 2ª persoa: “Ti”, “ti” (v.10, 21), “te” (v. 12, 14...). Tamén “Túa” (v. 7) e o uso metafórico de “sol” (v. 5)

A tristeza é o estado de ánimo do “eu”. Abre e pecha o poema: “eu son un home triste”, tinxindo entón dese sentimento todo o poema. A causa radica en que esa busca desacougante de Deus remata en fracaso: procuráao con “voz murcha, mau de néboa, nas rosas, nuns ollos” luminosos, pero non o dá atopado, só atopa terra, dor, sufrimento, bágoas... . A desesperada e ansiosa busca é desacougante, o resultado final é o fracaso e, consecuentemente, a tristeza.

2. Por que, sendo un home, di “eu son un neno canso”. Apoia a túa resposta con referencias explícitas ao propio texto.

(boa parte da resposta pódenos tropezar coa segunda parte da resposta anterior; debemos evitalo no posible. Fixádevos na pregunta: a relevancia de “nenno” e as referencias pertinentes do texto)

“Eu son un home triste” e “eu son un neno canso” conforman o paralelismo inicial do poema: trátase do mesmo “eu”. O adxectivo “canso” completa “triste”: o cansazo é resultado desa busca infrutuosa. O relevante é o uso de “nenno”:

Trátase dun poema intimista e confesional sobre a busca de Deus, da fe, no que o “eu home” se converte en “eu neno” polas connotacións que este substantivo achega: inocencia, inxenuidade, integridade, pureza. Así amósase como sincera e humilde esa busca de Deus: unha voz afónica de tanto chamar como a dun neno chorando (“voz murcha”), unha man inocente (“mau de néboa”), buscándoo coma un neno busca axuda e amparo; que busca a luz (“sol, rosas, ollos traslucenentes”).

Ademais, ese proceso de infantilización do home adulto provoca un achegamento máis afectivo co receptor.

Texto de Elvira Lindo (traducido e adaptado dun artigo de *El País*)

Di Cebrián que os xornais xa non vertebran ou conforman a opinión pública. Casos coma o do Rei e os elefantes non chegarían a provocar unha crise institucional, de non ser porque as redes sociais acenderon o debate.

Podo asegurar que o que di Cebrián é certo. Eu era unha desas manifestantes caseiras: colguei cancións, debuxos, cliqueei varios likes en chistes que xurdiron nun tempo récord, enviei unha ducia de veces un significativo artigo sobre o asunto... . Rematei a xornada coa sensación de ter participado na véspera histórica dun cambio de sistema. Tanto foi así que me custou ir para a cama, como lles pasa aos nenos, e desprenderme dese xoguete adictivo que é o ordenador e a súa consecuencia, as redes sociais.

Leva razón Cebrián, pero malia ser usuaria e participante deste tipo de revolucións diarias, atévome a anticipar o perigo que supón para o funcionamento dunha sociedade que sexa máis influínte o número de *likes* a un titular ou a un chiste que un artigo ou unha reportaxe de fondo. A reacción inmediata ás noticias é apaixonante, pero non reflexiva, e a pesar deste populismo que nos invade, o noso país precisa dunha porcentaxe, por pequena que sexa, de individuos que prefiran pensar amodo, isto é, reflexionar. Deses minoría tamén depende o noso futuro.

Cuestións:

1. Indica cal é o tema do texto.
2. Fai un esquema coas ideas principais e secundarias.
3. Sinala a estrutura do texto, indicando os núcleos de contido de cada parte.
4. Indica o significado que teñen no texto as palabras e expresións subliñadas. Non son válidas as respostas só con sinónimos.
5. Expón de maneira argumentada a túa opinión sobre o que se afirma no último parágrafo (*Lembra que ha de ser un texto de non menos de 400 palabras, e que ha de estar ben escrito e estruturado: introdución, desenvolvemento e conclusión*).

1. Tema: A necesidade de información reflexiva fronte ao debate nas redes sociais.

O perigo das redes sociais na conformación da opinión pública.

2. Estrutura. Podemos dividir o texto en tres apartados, coincidentes cos parágrafos:

1. **Introdución.** Presenta a tese: son as redes sociais, non os xornais, as que conforman na actualidade a opinión pública.
2. **Desenvolvemento.** Confirma a tese expoñendo a experiencia propia; tamén constata a adición a ordenador e redes.
3. **Conclusión.** Expón o perigo social das redes e reclama como imprescindible unha comunicación máis reflexiva.

3. Esquema coas ideas principais e secundarias:

1. As redes sociais dominan o debate público.
 - 1.1. Superan á prensa na conformación da opinión pública.
 - 1.2. Son participativas e inmediatas, aínda que crean adición.
 - 1.3. Representan un perigo por seren irreflexivas as opinións.
2. Cómpre unha comunicación máis repousada e reflexiva.
 - 2.1. Aínda que sexa minoritaria, é imprescindible para o futuro da sociedade.

4. Significado das palabras no texto:

Vertebrar: que conforman a opinión da maioría dos cidadáns.

Opinión pública: puntos de vista ou pareceres maioritarios nunha sociedade.

Redes sociais: sistemas de comunicación abertos a través de internet..

Likes: iconos no ordenador, ou accións de premer nese icono na intercomunicación en internet, para indicar que un gusta ou non de algo.

Sistema: tipo de organización política dunha sociedade; conxunto de leis, regras e estruturas que regulan unha sociedade.

Adictivo: dese de algo que provoca dependencia, un apego irracional.

Texto de Stéphane Hessel, *Indignádevos* (tradución de Manuel Rivas)

Teñen o valor de dicirnos que o Estado xa non pode seguir cubrindo os custos das medidas do estado do benestar: Seguridade Social, sanidade e ensinanza públicas... .

Pero como pode ser que hoxe en día non haxa cartos para manter e prolongar estas conquistas, tendo en conta que a produción de riqueza aumentou de forma considerábel despois da Liberación, un período en que Europa estaba arruinada? Pode ser porque o poder do diñeiro, ao cal combatía a Resistencia, nunca antes foi tan grande, insolente e egoísta, cos seus propios servidores situados nas máis altas esferas do Estado. Os bancos, que agora están privatizados, preocupáanse sobre todo polos seus dividendos e polos elevadísimos salarios dos seus directivos, e non polo interese xeral. A brecha entre os máis pobres e os máis ricos nunca foi tan grande; e a carreira polos cartos, a competición, nunca se fomentou tanto.

A razón de base da Resistencia era a indignación. Nós, os veteranos dos movementos de resistencia e das forzas combatentes da Francia Libre, facemos un chamamento ás novas xeracións para revitalizaren e transmitiren o herdo da Resistencia e os seus ideais. Nós dicímoslles: tomade o relevo, indignádevos!

Cuestións:

1. Indica cal é o tema do texto.
2. Fai un esquema coas ideas principais e secundarias do texto.
3. Sinala a estrutura do texto, indicando os núcleos de contido de cada parte.
4. Indica o significado que teñen no texto as palabras e expresións subliñadas. Non son válidas as respostas só con sinónimos.
5. Expón de maneira argumentada a túa opinión sobre a actual crise económica e a situación do estado do benestar.

1. Tema. Chamamento a prol da democracia e do estado do benestar / Chamamento á mocidade para a defensa do estado do benestar. / Chamamento á mocidade para rebelarse contra os poderosos e defender o estado do benestar

2. Esquema coas ideas principais e secundarias:

1. Malia o que se afirma, o estado de benestar é factible e mellorable.
 - 1.1. Hoxe hai máis riqueza que cando se instaurou.
2. Faltan cartos polo comportamento dos poderes contra o interese xeral.
 - 2.1. O egoísmo do poder financeiro.
 - 2.2. Os gobernos actúan ao seu ditado.
 - 2.3. Agrandan a diferenza entre ricos e pobres.
3. Chamamento á rebelión da mocidade.
 - 3.1. Deben indignarse e recuperar os ideais da Resistencia.

3. Estrutura. O texto podémolo dividir en tres partes:

1. (liñas 1 a 5). Presentación do tema: a crise do estado de benestar, a pesar de haber máis riqueza.
2. (liñas 5 a 11). Exposición das causas desa crise: o egoísmo do poder económico e o servilismo do Estado, ambos de costas ao interese xeral, agrandan as diferenzas de clase e promoven unha competición desaforada.
3. (último parágrafo). Conclusión: chamamento á rebelión dos xoves, que deben indignarse e recuperar os vellos ideais da Resistencia.

4. Significado das cinco palabras subliñadas:

Valor (s.): Refírese á actitude arrogante dos poderes económico e político por afirmaren falsamente a imposibilidade de manter o estado de benestar.

Insolente (adx.): Cualifica o poder dos ricos como descarado, irrespectuoso e arrogante.

Altas esferas: Fai referencia aos postos ou cargos máis importantes da administración do Estado e do goberno, que adoptan políticas cómplices cos poderes económicos.

Brecha (s.): Remarca con intensidade a enorme diferenza social e económica entre ricos e pobres, que é meirande que nunca.

Ideais (s.): Valores ou principios morais, políticos, etc. que moveron a loita da Resistencia e que hoxe deben herdar os xoves; valores democráticos e solidarios.

Texto de Henrique Monteagudo, *Facer país co idioma* (discurso de entrada na RAG)

A noción da “imposición do galego” é unha falacia: se o galego é plenamente oficial en Galicia, e se a nosa lexislación, democrática, sinala como un obxectivo a normalización do seu uso social, simplemente carece de sentido falar de “imposición” da nosa lingua no territorio galego.

O que en realidade acontece é que hai persoas e estamentos sociais privilexiados que aspiran a vivir, traballar e desenvolverse en Galicia ignorando a existencia do galego. Como nun momento dado comezaron a ter a sensación de que a competencia bilingüe á que se negan a acceder podía supor unha certa vantaxe en relación co monolingüismo en castelán ao que se aferran, botáronse a falar da “imposición”. Se o común dos cidadáns de Galicia, pola forza das cousas, ten que saber e usar o castelán independentemente do seu gusto ou preferencia, disque iso non é “imposición”; seica iso é “liberdade”. Se se tenta compensar esa situación de feito mediante a promoción do galego, de maneira que o coñecemento deste reporte vantaxes comparativas nalgún aspecto da vida social, iso si que é imposición, contraria á “liberdade lingüística”.

O certo, e o que recolle o noso marco legal, é que hai dúas linguas plenamente oficiais, galego e castelán, e que os seus falantes deben ser iguais en dereitos e deberes. Pero, dado que esa igualdade recoñecida nas leis é un obxectivo de futuro e non unha realidade efectiva no presente, o galego debe ser obxecto de especial respecto, apoio e promoción. E dadas as circunstancias de posición social e de circulación privilexiada do castelán nos grupos de estatus, nos medios de comunicación e na vida pública, e a escasa presenza do galego en certos ámbitos (coma os principais núcleos urbanos), o galego esixe unha presenza preferente no sistema educativo.

Cuestións:

1. Indica cal é o tema do texto.
2. Sinala a estrutura do texto, indicando os núcleos de contido de cada parte.
3. Fai un esquema coas ideas principais e secundarias do texto.
4. Indica o significado que teñen no texto as palabras subliñadas. Non son válidas as respostas só con sinónimos.
5. Expón de maneira argumentada a túa opinión sobre o que se afirma no último parágrafo (*lembra que ha de ser un texto, de non menos de 400 palabras, ben escrito e estruturado: introdución, desenvolvemento e conclusión*).

1. Tema: A necesaria promoción do galego non é imposición.

Normalización non é imposición.

Normalizar o galego non é impoñelo.

2. Estrutura. Podemos dividir o texto en tres apartados:

1. Introducción (primeiro parágrafo). Preséntase unha tese: a “imposición do galego” é unha falsidade por seren tanto a oficialidade coma a normalización democraticamente legais.
2. Desenvolvemento (segundo parágrafo). Achéganse as razóns da falacia: certos estamentos privilexiados néganse ao uso e á competencia en galego; de ser vantaxoso o galego nalgún ámbito, aducen imposición e reclaman para si “liberdade lingüística”, que non recoñecen aos galegofalantes.
3. Conclusión (terceiro parágrafo). Hai igualdade legal, pero non real: o castelán ten maior presenza en ámbitos decisivos. Para acadala no futuro cómpre especial promoción do galego, sobre todo na educación.

3. Esquema coas ideas principais e secundarias:

1. A imposición do galego é unha falsidade.
 - 1.1. Oficialidade e normalización son democraticamente legais.
2. Un sector privilexiado quere ignorar o galego.
 - 2.1. Néganse á competencia bilingüe aducindo liberdade.
 - 2.2. Opóñense a calquera vantaxe para o galego.
 - 2.3. Non respectan os mesmos dereitos aos galegofalantes.
3. O galego precisa especial promoción.
 - 3.1. Hai igualdade legal, non real.
 - 3.2. O castelán ten unha situación privilexiada en ámbitos estratéxicos.
 - 3.3. Cómpre compensalo con especial protección, sobre todo na educación.

4. Significado das palabras no texto:

- ___ Falacia (subst.): algo contrario á verdade e á realidade que se usa conscientemente para enganar e danar; falsidade, mentira, fraude.
- ___ Oficial (adx.): que está amparado polas leis; referido á lingua, como é o caso, significa que se pode usar en todo e para todo no territorio correspondente.
- ___ Privilexiados (adx.): refírese a sectores ou capas sociais de estatus elevado debido á situación económica ou a que conta con resortes de poder...
- ___ Competencia (subst.): dominio oral e escrito dun idioma; neste caso refírese ao dominio das dúas linguas oficiais en Galicia.
- ___ Preferente (adx.): con maior frecuencia de uso; refírese á necesidade compensatoria que ten o galego de ser a lingua vehicular máis usada no sistema educativo

5. Exposición. Ha de centrarse nos contidos do último parágrafo: *Da igualdade xurídica pero non real, por ter vantaxe o castelán en ámbitos decisivos, dedúcese que o galego precisa especial promoción, sobre todo na educación.* En definitiva, implica o proceso de normalización.

Texto: *Fin de século en Palestina*, M. A. Murado

Coa ofensiva chegaran algúns personaxes novos, sobre todo cooperantes. Un deles estívome explicando o pésimo que era a información que se recibía en España sobre o conflito. O feito de que eu fose, entre moitos outros, un dos que escribían esa información, non pareceu afectarlle o máis mínimo. Para el, os xornais estaban cheos de mentiras e manipulacións. Que xornais lía? En realidade, confesou, ningún. Por que? Porque estaban cheos de mentiras e manipulacións. Tiña outras fontes de información? Non, en realidade non. Pero intuitivamente, sabía que o que contabamos, fose o que fose, era mentira. É curioso canta xente hai no mundo que pensa deste xeito. A miúdo riamos cavilando na realidade do traballo dun correspondente nun conflito. Parecía que só nós sabíamos que tratar de decatarse de algo en medio do caos informativo, as limitacións físicas e de tempo, eran factores de distorsión da información moito maiores que a presión da liña editorial dos nosos xornais que, se existía, era errática e fácil de esquivar. Escapulínme del e sumeime ao grupo dos xornalistas. Estaban bébedos, falando en serio de organizar nós tamén un equipo de fútbol para enfrontarse ós espías. Estábamolo pasando todos ben, mais, inevitablemente, non eramos quen de gozalo. A guerra volvía unha e outra vez ás conversas, aínda que intentásemos escorrentala, polo menos por unha noite, como quen intenta escorrentar unha mosca.

1. Tema (uns cantos posibles):

- O tópico da manipulación informativa nos medios de comunicación.
- A falta de obxectividade informativa dos medios de comunicación.
- As causas da falta de veracidade na información dos medios de comunicación.
- É un tópico a manipulación nos medios de comunicación?
- Retesía acerca da manipulación nos medios de comunicación.
- Desmentido do tópico da manipulación mediática.

2. Título (algúns posibles):

Manipulan os medios de comunicación?

Os medios: informan ou menten?

3. Resumo: Moita xente pensa que os propios medios de comunicación menten e manipulan a información, dun conflito bélico neste caso. Pero, segundo o xornalista, isto é un tópico sen fundamento ou unha causa menor, pois as distorsións son froito do propio caos da guerra e das circunstancias nas que se recolle a información. (*ver nota*)

4. Esquema coas ideas principais e secundarias: (*ver nota*)

Os medios de comunicación manipulan a información.

A manipulación informativa por parte dos propios medios é un tópico:

- de existir, é fácil de superar,
- os principais factores distorsionantes son as propias circunstancias do conflito.

5. Estrutura. Podemos dividir o texto en tres partes:

1. (liñas 1-3) Presentación da situación, personaxes e tema: guerra, cooperante e xornalista, e manipulación informativa dos medios.
2. (l. 4-11) Desenvolvemento: exposición do tópico da manipulación informativa e do seu desmentido expoñendo as causas principais da distorsión informativa.

3. (l. 12-16) Remate: reflexión sobre a imposibilidade de acougo ou lecer ante a traxedia da guerra.

6. Indica o significado que teñen no texto as seguintes palabras: *manipulación* (l.4), *intuitivamente* l.6), *correspondente* (l.8), *errática* (l.11), *escapulirse* (l.12). **Non son válidas as respostas só con sinónimos.**

Manipulación (s.): distorsión fraudulenta da información co fin de agochar a verdade ou enganar.

Intuitivamente (adv.): refírese a algo que sabe sen necesidade de ter datos ou razóns, algo que non pode ou necesita demostrar.

Correspondente (s.): xornalista destacado nun lugar para recadar, elaborar e enviar información a un determinado medio de comunicación.

Errática (adx.): que non obedece a algo sistemático e ben organizado, que non é rigorosamente controlado.

Escapulirse (v.): arredarse disimuladamente dunha situación incómoda.

7. Sinala de maneira xustificada cal é a intención do autor do texto:

A intención do autor é a terceira das indicadas: “denunciar o tópico de que os medios de comunicación manipulan a información”.

A xustificación atopámola no propio texto, integramente no primeiro parágrafo:

No falso diálogo entre o cooperante e o xornalista, o primeiro afirma teimudamente que os medios menten e manipulan (liñas 2 e 4) pero non achega ningunha proba ou demostración cabal (l. 4 a 7): é algo que sabe “intuitivamente”.

A seguir, o xornalista denuncia o estendido que está ese tópico e explica as causas das distorsións na información (l. 7-11): aínda que poidan interferir as propias direccións dos medios, a principal causa radica nas circunstancias mesmas da guerra: caos, falta de tempo ou de espazo.

NOTA a resumo e esquema: *Como muda a resposta, pero o contido é o mesmo, o primeiro que cómpre facer é recoller as ideas importantes do tema. Poderían ser estas, postas así en bruto:*

Ideas do cooperante: a información sobre o conflito é pésima, os xornais están cheos de mentiras e manipulacións; pero isto non o sustenta en nada obxectivo, en datos.

O xornalista: iso é un tópico que pensa moita xente; os factores que distorsionan a información son: o caos, as limitación físicas e de tempo; en menor medida, a liña editorial.

Agora procederíamos a darlle forma: redactando un texto breve para o resumo, ou expoñendo e xerarquizando independentemente as ideas para o esquema.

8. Texto coa nosa opinión sobre as posibilidades que teñen os xornalistas de ofrecer unha información obxectiva nos medios:

Acerca das posibilidades de que os xornalistas poidan ofrecer unha información obxectiva e veraz, no texto atopamos dúas versións contrapostas: a da súa imposibilidade por mor da manipulación sistemática por parte dos propios medios, fronte á que dá o propio xornalista: as dificultades fundamentais radican na recollida e elaboración desa información. Esta opinión, aínda que non quere desmentir totalmente a primeira, talvez se vexa aquí reforzada por se tratar da información dunha guerra. Ao meu ver o asunto é complexo, pois atopo argumentos para reforzar cada unha desas posturas antagónicas.

Primeiramente hei dicir que un principio básico das sociedades democráticas é o acceso a unha información veraz e obxectiva: as liberdades de expresión e prensa son dereitos básicos de cidadáns libres. Os medios de comunicación son as ferramentas que o permiten e teñen o deber da obxectividade; os xornalistas os que han recoller e elaborar esa información e teñen o deber de ser veraces. Polo tanto, ambos conforman a base dunha información obxectiva.

Agora ben, se reparamos na información sobre asuntos de relevancia nos distintos medios, podemos concluír o seguinte: noticias que aparecen nun medio están ausentes noutro, e o tratamento das mesmas é diferente duns medios a outros, mesmo contraposto.

De maneira, entón, que os directivos ou propietarios dun medio deciden do que informan ou non, o que se di e o que se cala, segundo intereses de distinta índole (económicos, ideolóxicos...). E hai aínda outras posibles manipulacións: non diferenciar información de opinión ou, de facelo, achegar opinións nunha mesma dirección ocultando ou desprezando outras posibles.

Para rematar, os xornalistas han ser veraces e han de tratar de vencer as dificultades (ás veces moi poderosas e perigosas: tráfico de armas, drogas..., especulación, ilexítimos intereses económicos e políticos...) para informar obxectivamente. Pero outra cousa son os medios para os que traballan, pois dirección e donos son os que deciden en última instancia. E os grandes medios de comunicación, os que crean as opinións maioritarias, están nunhas poucas mans poderosas ou nas dos gobernos, non son “independentes”. Isto é, aínda que a maioría dos xornalistas procuren rigor e obxectividade, os medios para os que traballan poden deformar esa obxectividade por mor de intereses moi diversos.

NOTA: Reparade na estruturación: un primeiro parágrafo para a introdución; o último para a conclusión; e tres para o desenvolvemento.